
**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN PERMANENTE DA ESCOLA
TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS
DA CORUÑA CELEBRADA O XOVES, DÍA 23 DE ABRIL DE 2015**

De acordo co establecido na Orde do Día, a Comisión Permanente da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña constitúese en sesión ordinaria ás 12:53 horas do xoves día 23 de abril de 2015 coa seguinte orde do día:

- 1) Aprobación de Actas
- 2) Informe do Director
- 3) Presentación do Anteproxecto de Colaboración co MUNCYT
- 4) Aprobado por compensación
- 5) Orde do día da Xunta de Escola
- 6) Quenda aberta de palabra

ASISTEN OS SRES:

PROFESORES

Baldomir García	Aitor
Carro López	Diego
Casteleiro Maldonado	Manuel
Colominas Ezponda	Ignasi
Domínguez Pérez	Xabier
Herrador Barrios	Manuel F.
Jurado Albarracín Martínón	José Ángel
Martínez Abella	Fernando
Orro Arcay	Alfonso
París López	José
Pena Mosquera	Luis

ESTUDANTES

Espasandín Lacalle	Raúl
Dacosta Tapia	Jorge
Pire Pardo	Luis
Rojo López	Gemma

PERSOAL ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

EXCUSA

Rodríguez-Vellando Fernández-Carvajal	Pablo
---------------------------------------	-------

Preside a sesión o Sr. Ignasi Colominas, Director da Escola. Actúa como Secretario o Sr. Diego Carro.

1. Aprobación de Actas

Non hai comentarios. Apróbase.

2. Informe do Director

Comeza o informe tratando a situación do profesorado, houbo algunha modificación de profesores da Escola. Incorporouse o profesor Pablo Barbeito Amigo en lugar do profesor Antonio Serantes que tivo que dar baixa por problemas de compatibilidade. Informa tamén da renuncia da profesora María Bermúdez que obtivo unha bolsa postdoutoral, solicitarase polo tanto un contrato para cubrir a docencia que tiña asignada.

Continúa co presuposto de 2015; recorda que a finais de cada mes enviase ós membros da Comisión Permanente un informe de situación económica. Respecto á execución de presuposto de 2014, sinala que houbo unha incidencia: a universidade ten por procedemento pechar o exercicio a principios de novembro, o que implica que non hai presuposto para novembro e decembro; os gastos relativos a novembro e decembro pagábanse en 2015 con aprobación do consello de goberno como tódolos anos. Sen embargo, segundo a universidade o que habería que facer sería aprovisionar os gastos esperables e deixándoos como excedente no presuposto de 2014, e pagar con cargo ó presuposto de 2015 eses gastos de finais de 2014. Pola contra, o remanente que se deixa pérdese xa que os presupostos de Capítulo 2 non son incorporables dun ano para o seguinte. O Director expresou a súa desconformidade co cambio de procedemento á Vicerreitora e indica ademais que carece de sentido.

Informa a continuación de que se solicitou á Reitoría a renovación da pintura da biblioteca, e se está á espera dunha resposta definitiva.

Comunica a continuación que as obras do CITEEC comezaron por fin. Intervén o profesor Manuel Casteleiro comentando que sempre pregunta por esta cuestión no Consello de Goberno.

3. Presentación do Anteproxecto de Colaboración co MUNCYT

O Director cede a palabra ó profesor Manuel Herrador para expoñer o documento do proxecto.

Comeza o profesor Manuel Herrador indicando que entre as actividades de difusión da Escola se contactou tamén co MUNCYT. Desde este organismo mostraronse positivamente interesados e ofrecéronnos a posibilidade de montar unha exposición na sala do Escaparate da Ciencia Española por un período de 4-5 meses. A actividade

constaría de tres partes: musealización tradicional, paneis e exposicións estáticas ou manipulables e talleres ou actividades que permitan interactuar ós visitantes. En paralelo, ó longo da exposición habería que dar charlas cada 15 días aproximadamente.

Continúa indicando que el se encargará de coordinar esta actuación pero que durante o mes de maio se recadarán propostas de colaboración para a realización de actividades. Sinala que se poden propoñer actividades guiadas xa que hai guías científicos que supervisan, explican e asisten ós visitantes.

Presenta un calendario no cal a data tentativa para comezar sería o 1 de febreiro de 2016. Respecto á financiación, a parte de musealización, o museo ten presuposto para inventariable e algunha aportación para funxibles.

Intervén o Director indicando que practicamente tódolos centros educativos de Galicia pasan unha vez ó ano polo MUNCYT o cal representa unha moi boa oportunidade para dar a coñecer a Escola.

Os asistentes expresan a súa aprobación a esta iniciativa.

4. Aprobado por compensación

Comeza o Director explicando os antecedentes do mecanismo para aprobar unha materia en aprobado por compensación. A normativa vixente só inclúe uns requisitos administrativos de número de convocatorias e media académica, dando ningunha marxe de decisión ó Tribunal de Avaliación por Compensación. Xa se tratara este tema nesta comisión cando apareceron casos de estudantes, que amparados pola normativa vixente, non mostraron ningún interese por seguir a materia ou intentar minimamente superala, e sen embargo conseguían o aprobado por compensación. Enviouse ó reitor unha carta solicitando que se cambiara esa normativa para que non haxa casos desta índole.

Intervén o Profesor Casteleiro indicando que hai disfuncións na normativa. Noutras universidades o tribunal realmente evalúa o currículo do estudante e toma unha decisión sobre a avaliación por compensación. No caso da UdC o regulamento foi perdendo flexibilidade e acabou convertido nunha xestión administrativa. Indica que actualmente, coas medias que hai da titulación, tódolos estudantes poden aprobar unha das materias do plano de estudos sen estudala. Expresa que se trata dunha estafa e un fraude de Lei, dado que se trata de profesións reguladas. Sinala que o tribunal non ten marxe de manobra e que non pode facer nada para resolver este problema. Destaca que se está a dar o caso de moitos estudantes que se presentan dúas veces para cumprir os requisitos administrativos sen seguir para nada a materia.

Retoma o Director expoñendo que ante esta situación barállanse diversas propostas de actuación: poderíase propoñer a dimisión do Tribunal de Avaliación por Compensación

ou tamén que, dado que se trata dun trámite administrativo, que se trasladen os expedientes e que os resolva a Reitoría directamente.

Intervén o estudante Jorge Dacosta consultando sobre cantos estudantes realizan este aproveitamento da normativa, pregunta se se trata de casos puntuais.

Intervén a estudante Gemma Rojo, que está en dito tribunal, tribunal indica que si hai casos.

Retoma a palabra o Director indicando que co paso dos anos, os requisitos académicos se foron reducindo ata quedar eliminados e que só quedan requisitos administrativos. Indica que o xusto é que se trate dunha avaliación curricular e que haxa ó mesmo tempo uns requisitos académicos.

Intervén o estudante Raúl Espasandín, expoñendo que quizá o problema xurde das medias demasiado baixas que hai na Escola. E que iso fai que na práctica quede sen efecto o Tribunal de Avaliación por compensación. Sinala tamén que se o Tribunal non resolve os casos, destaca que os estudantes que queren acceder ó Máster poderían ser prexudicados pola dimisión do Tribunal.

Intervén o profesor Luís Pena, indicando que a decisión de facer dimitir a persoas concretas non parece a mais axeitada.

Finalmente, o Director propón que o Tribunal de Avaliación por Compensación trasladen á Reitoría os expedientes que se consideren irregulares para que se resolvan administrativamente.

5. Orde do día da Xunta de Escola

O Director propón a seguinte orde do día:

- 1) Lectura e aprobación, no seu caso, das actas das reunións anteriores.
- 2) Informe do Director
- 3) Execución do presuposto de 2014
- 4) Presuposto da Escola para 2015
- 5) Calendarios Académicos
- 6) Convocatoria e calendario de eleccións das Comisións delegadas da Xunta de Escola
- 7) Plan estratéxico da Escola
- 8) Quenda aberta de palabra

Proponse a realización desta reunión o Luns 11 de maio de 2015.

Pregunta o profesor Alfonso Orro se o documento Verifica co cambio de plan de estudos do grao de TECIC se vai a aprobar en Xunta de Escola, dado que hai modificacións importantes que non quedaron definidas. Resposta o Director que as variacións no documento se corresponden cos cambios necesarios para modificar parcialmente o plan de estudos e dotar ós titulados de atribucións profesionais, e que xa foran aprobados na Xunta de Escola.

6. Quenda aberta de palabra

Non hai intervencións.

A sesión da Comisión Permanente finaliza ás 13:30 do 23 de abril de 2015.

Vº.Bº.
Ignasi Colominas Ezponda
Director

Diego Carro López
Secretario Académico